



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

Proxecto Lector

Data de aprobación: curso 2018-19

(Presentado e aprobado en reunión do Claustro e Consello Escolar os días 12/12/2018 e 20/12/2018 respectivamente).

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna
A Proba de Navia de Suarna
Lugo

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Análise da situación de lectura e escritura.
 - 2.1. No entorno.
 - 2.2. No centro.
3. Obxectivos.
 - 3.1. Obxectivos xerais
 - 3.2. Obxectivos para o noso alumnado.
4. Principios.
5. Compromisos.
6. Actuacións futuras.
7. Criterios e procedementos de avaliación.
8. Bibliografía.

1. INTRODUCCIÓN.

Os centros educativos xogan un papel esencial no fomento de actitudes positivas en torno ao libro e á lectura, sendo institucións claves que poden vertebrar proxectos de lectura e escritura a medio e longo prazo a través da elaboración dun plan adaptado e sistemático de actuacións. Así mesmo, dispoñen de recursos como as bibliotecas escolares que garanten a existencia de fondos en soportes variados para o achegamento do alumnado tanto aos textos da literatura clásica e contemporánea como a outros tipos de textos de carácter informativo e documental que complementen aos contidos de materias e ámbitos, así como aos requirimentos educativos e culturais da comunidade educativa. O desenvolvemento das prácticas lectoras vese reflectido nos fins e principios da educación e nos obxectivos e contidos das materias das distintas etapas. O desenvolvemento da competencia lectoescritora (comprensión, reflexión, capacidade crítica, procura de información, análise) é un obxectivo prioritario do currículo na educación obrigatoria. A consecución de óptimos niveis lectores funcionais incide nas afeccións lectoras do alumnado e na lectura como práctica continuada.

Polo tanto é deber da escola proporcionar un ensino eficiente da lectura e escritura, unha lectura comprensiva para ler o mundo e para apropiarse da linguaxe, unha lectura como actividade emancipadora e vital que incentiva a intelixencia. O alumnado ha de ser capaz de tratar a información e comprender as mensaxes e argumentos. A transversalidade da lectura fai necesario proxectos de fomento da lectura nos que a finalidade sexa a de facultar ao alumnado nas capacidades para informarse, indagar, criticar ideas, avaliar opinións, argumentos e informacións, e xustificar propostas persoais.

Para levar a cabo este labor, o noso centro organiza cantas accións estean nas súas mans para afianzar prácticas lectoras en función sempre dos contextos e buscando alianzas coas familias, coas bibliotecas públicas e cos outros axentes que interveñen na formación do alumnado. Os proxectos educativos han de articular fórmulas de traballo que poñan énfase en evitar persoas iletradas tras un período de escolaridade obrigatoria longo. Para iso é necesario que o centro educativo se constitúa nunha parte máis da rede de lectura da comunidade. Neste sentido, un recurso clave do centro como é a biblioteca escolar apoiará as actividades do proxecto lector. A incorporación da lectura e a utilización dos recursos bibliotecarios estarán, xa que logo, entre os principais obxectivos das materias curriculares e de todas as áreas. Para converterse en lectores para sempre, os alumnos e alumnas deben ter:

- Acceso a extensas coleccións de libros e outros materiais impresos actualizados, de calidade e de alto interese nas súas bibliotecas escolares, salas de clases e bibliotecas públicas.

- Contacto con adultos que lean de forma regular e ampla, e que sirvan de modelos lectores positivos.

- Profesorado quen demostren o seu entusiasmo mediante a lectura en voz alta e a conversas e actividades arredor dos libros.

- Tempo durante a xornada escolar dedicado á lectura por pracer, información e exploración...

O impulso do proxecto lector ha de contribuír a crear oportunidades lectoras entre o alumnado por medio dun continuo ambiente de vivencias, interaccións, reflexións ao redor da lectura e desenvolver habilidades informativas, intelectuais e de uso dos recursos bibliotecarios. Agora ben, crear ambientes lectores e escritores non é estar permanentemente facendo actividades, senón procurar experiencias lectoras/escritoras atractivas e propiciar as óptimas condicións (nas aulas a través da explotación dos recursos das seccións documentais específicas, en e coa biblioteca escolar, a biblioteca pública, a familia, a librería) para converter nun feito cotián a práctica lectora. A escola ha de ofrecer un modelo didáctico que propicie accións incitadoras da lectura dando paso a un currículo máis lector e menos gramatical/literario..

O proxecto lector do centro contempla os elementos, condicións, actividades e intervencións ordenadas ao longo do curso encamiñados a promover e desenvolver a lectura en e desde o propio centro educativo.

O afianzamento do hábito lector ao longo do período de escolaridade require dunhas mínimas condicións que permitan ao alumnado:

- Atopar variedade de xéneros e soportes á hora de manifestar a necesidade e o desexo de ler. O centro ha de ofrecer diversidade de obras literarias e documentos para investigar, facilitar a creación, etc., mediante a configuración dunha colección variada.
- O asesoramento bibliográfico: O profesorado responsable da biblioteca e do proxecto lector poderá atender á biografía lectora do alumnado de xeito personalizado.

- A posibilidade de informarse, documentarse e investigar, permitíndolle establecer relacións entre distintas disciplinas do saber e manifestacións culturais, adquirindo habilidades de traballo autónomo na utilización dos recursos dispoñibles dentro e fóra do centro.
- Ter oportunidades de compartir lecturas de textos literarios ou documentais de produción propia ou alleos en momentos específicos, facilitando instrumentos para crear/difundir escritos, creacións, argumentacións para o que desde o centro se desenvolve o clube de lectura *FOLLAS BRAVAS*.
- Dispor de momentos para asistir a presentacións de libros, revistas, encontros con autores, ilustradores, lecturas conxuntas, etc.
- Recibir orientación para dirixilo, segundo o seu perfil lector e intereses, a outras bibliotecas, a outros centros de documentación, a outros lugares e actos (teatro, cine, exposicións, concertos...).
- Utilizar autonomamente os servizos postos en marcha pola biblioteca escolar.
- Participar e beneficiarse dunha política global do centro ao redor da súa formación lectora.
- A capacidade lectora consiste na comprensión, o emprego e a reflexión persoal a partir de textos escritos co fin de alcanzar as metas propias, desenvolver o coñecemento e o potencial persoal e participar na sociedade.
- Todo ha de integrarse nun programa sistemático de actuacións ao longo de cada curso e incorporarse normalmente ao Plan Anual.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE LECTURA E ESCRITURA

2.1. NA CONTORNA

Situámonos na comarca montañosa dos Ancares no leste da comunidade autónoma. A poboación é eminentemente agrícola, baseando a actividade nunha agricultura enfocada á manutención da gandería que é a principal fonte de ingresos da zona. Para alén disto, tamén é importante o sector forestal. En menor medida, o sector turístico semella estar acadando certa importancia na zona aínda que en desenvolvemento. O nivel cultural dos pais e nais é medio/ baixo, o que se corresponde cun escaso interese pola lectura, cousa que non facilita unha axeitada motivación do alumnado por esta actividade.

En moitos casos o acceso aos libros e outras fontes de información como prensa ou soportes informáticos como internet nas casas do noso alumnado é limitado, e por isto consideramos que se debería potenciar a práctica lectora dende o centro escolar para compensar esas carencias.

2.2. NO CENTRO

O CPI. Plurilingüe conta cunha biblioteca escolar na que conviven Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria. Para poder levar a cabo un bo funcionamento da biblioteca dentro das posibilidades horarias do centro, designouse unha profesora coordinadora que é o encargado de desenvolver as actividades de dinamización da biblioteca e fomento da lectura, aínda que en última instancia todos o profesorado do centro debe de estar involucrado na consecución dunha competencia lectora dos alumnos/as tanto nas accións levadas a cabo na biblioteca central como nas bibliotecas de departamentos no caso de Secundaria ou ben nas de aula en Primaria.

Con respecto aos fondos cos que conta o centro cómpre destacar que a biblioteca central distribúe o espazo segundo os distintos modos de acceso á información (libro, soporte informático, internet...) Para isto delimitase a sala en zonas diferenciadas que facilitan o achegamento dos usuarios a aquilo que buscan. Así pois, habilitamos unha zona na que podemos ter acceso a internet wifi a través dos portátiles ABALAR que teñen os propios alumnos. Tamén hai unha zona destinada á consulta de fondos audiovisuais como DVDs, CDs, videocassettes e CD-Roms de temática variada como, por exemplo, películas, música e xogos relativos a varias áreas do currículo como idiomas, matemáticas...Ademais disto contamos cunha zona na que se ten acceso a xogos de mesa utilizados en períodos de lecer na propia biblioteca o que fai desta un espazo máis próximo e acoledor. O fondo de libros que sobrepasa os 3000 exemplares está dividido na sala en catro áreas ben diferenciadas: Infantil, Primaria, Secundaria e libros de consulta. Con isto pretendemos facilitar o acceso ao usuario segundo o nivel ou ben a temática da súa consulta. Ademais, en cursos pasados fíxose un expurgo coas obras obsoletas, pouco acidas para os nosos lectores, deterioradas, ... estás pasaron a estar almacenadas ben en estanterías nunha sala próxima con libre acceso para o profesorado ou ben en caixas.

O horario de funcionamento desta biblioteca central é o mesmo que o escolar incluíndo os períodos de lecer e está aberta para toda a comunidade educativa (alumnos, profesores, pais, persoal laboral...) tanto para a súa utilización in situ como no préstamo.

Como xa se dixo antes, ademais disto, en Secundaria hai bibliotecas de departamento a disposición do profesorado, e en Primaria e Infantil bibliotecas de aula incluíndo as das especialidades como Lingua estranxeira, Música, Educación artística, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Relixión...

En canto ás infraestruturas do contorno débese ter tamén en conta a existencia dunha biblioteca municipal aínda que cun horario moi restrinxido e limitado.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe e considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible na construción da rede básica de lectura e a configuración dunha comunidade de lectores activa.

- Fomentar a lectura desde un proxecto global do centro, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas no aula e na biblioteca escolar co fin de formar lectores competentes.

- Levar a cabo ao longo de todo o curso intervencións de comprensión lectora e desenvolvemento do hábito lector, evitando actividades illadas, non encadradas nun plan de intervención con continuidade e coherencia.

- Implicar á comunidade educativa en accións do proxecto lector anual.

- Fomentar no alumnado diferentes tipos de lectura (silenciosa, en voz alta, lectura rápida, selectiva e lenta).

- Fomentar o hábito lector en todas as áreas e todos os niveis que facilitará a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

- Fomentar a lectura como pracer, non como obriga, ao mesmo tempo que sirva como medio para adquirir coñecementos (para informarse, para buscar un dato, para aprender, para o goce persoal...).

- Motivar na lectura de diferentes tipos de textos (literarios, científicos, técnicos, argumentativos, continuos e discontinuos).

- Ler en diferentes soportes (periódicos, enciclopedias, pantalla de ordenador, diapositivas, mapas, películas...).

- Levar a práctica lectora a diversos espazos como as aulas, a biblioteca escolar, a biblioteca pública.

- Propoñer o traballo en grupo do alumnado, dentro e fóra da aula, como medio de fomentar os intercambios de libros e para conseguir unha aprendizaxe colaborativa.

3.2. OBXECTIVOS PARA O NOSO ALUMNADO

- Desenvolver a comprensión e expresión orais e expresión escrita conforme ao seu momento evolutivo.

- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación adecuadas.

- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.

- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.

- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.

- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de goce e información, á vez que de enriquecemento persoal.

- Utilizar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo e aprendizaxe.

- Ter lido e resumido (de forma oral ou por escrito), ao término de cada ciclo, polo menos dez libros, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do profesorado como por iniciativa propia.

4. PRINCIPIOS PARA A ACTUACIÓN

-O centro educativo é un lugar de irradiación cultural.

- Exponse o ensino da comprensión lectora e a expresión escrita de modo interdisciplinar.

-A biblioteca escolar é un recurso imprescindible de apoio ao proxecto lector e ao desenvolvemento das estratexias de traballo.

-Todo o profesorado é responsable e implícase no proxecto lector nos niveis e áreas correspondentes potenciando a comprensión lectora, base de toda aprendizaxe.

-As intervencións ao redor da comprensión lectora e o desenvolvemento de prácticas lectoras vanse construíndo permanentemente, non só ao longo do período de escolaridade obrigatoria.

-En todas as etapas educativas han de desenvolverse as competencias lingüísticas do alumnado, constituíndo unha tarefa principal do centro educativo.

-A comunidade participa nas propostas que emanan desde o centro educativo a prol do fomento lector e escritor.

-O centro produce coñecementos e xera materiais diversos para o desenvolvemento do proxecto lector.

-Compénsanse desigualdades grazas ás políticas de préstamo, á apertura en horario extraescolar da biblioteca do centro, ao uso continuado das seccións documentais de aula e á complementariedade coa biblioteca pública municipal.

5. COMPROMISOS

-Todo o profesorado do centro promoverá a lectura nunha liña consensuada e de referencia común de actuación.

-Incluirase nas programacións docentes a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento de todas as materias e planifícase o uso dos recursos bibliotecarios.

-Estableceranse protocolos de coordinación entre primaria e secundaria nos que a obxectivos e principios esenciais dos proxectos lectores e uso da biblioteca se refire.

-Propoñerase o uso da biblioteca como un espazo máis da práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que afiancen os hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades de autoaprendizaxe.

- Achegarase a utilización da biblioteca por toda a comunidade educativa co fin de crear un ambiente motivador de lectura fóra e dentro da aula e do centro.

- Deseñaranse materiais de traballo e propostas para a promoción lectora como por exemplo técnicas de fomento e desenvolvemento da lectura e escritura e de habilidade de consulta e investigación.

-Seleccionaranse libros infantís de imaxinación, informativos e documentais para dotar a biblioteca do centro e colaborar coas de aula.

-Organizaranse unha vez ao ano unhas xornadas de animación á lectura.

-Facilitarase o funcionamento do clube de lectura Follas Bravas

-Incentivarase a través do EDLG os concursos literarios: relatos de medo polo Samain, cartas aos reis, cantigas de amigo polo San Valentín, contos populares, ...

6. ACTUACIÓNS ANUAIS TIPO DE FOMENTO DA LECTURA

Hora de lectura diaria compartida en primaria. Actividades de comprensión lectora e expresión escrita a través das titorías na ESO.

- Renovación do carné de lector da biblioteca para os nenos de infantil.
- Afianzar o club de amizades da biblioteca: formado por voluntarios, nos recreos. Axudarán a colocar libros e ordenar os andeis, procurando que participen activamente na realización de todas as actividades que terán lugar na biblioteca.
- Os membros do club de amizades da biblioteca buscaran os libros máis danados para levalos ao “hospital dos libros”. Os “enfermeiros” encargaranse de arranxalos e aprenderán a coidalos e forralos.
- Afianzar o libro viaxeiro onde o alumnado anote o nome do libro e o seu autor, valoren a lectura e poñan un selo confirmando a súa lectura. Ao final do trimestre, apuntaremos nun lectómetro cantos libros levan lidos e o mellor lector do trimestre será homenaxeado.
- Realización de contacontos por parte do alumnado de secundaria para os pequeniños do cole.
- Convidar aos pais a que veñan ler un conto ou contar un conto na biblioteca
- Mantemento da páxina no Facebook da biblioteca:

- Concurso de fotografía coa temática da biblioteca.
- Reunións na biblioteca do Club de lectura “*Follas Bravas*”. Faranse na zona habilitada como salón da biblioteca. Organízase unha merenda para a ocasión na que se degustarán sobremesas caseiras.
- Mochilas viaxeiras para os alumnos de infantil, 4º e 5º de primaria.
- “Lecer de cine!” coa proxección de cortos durante o recreo.
- Celebración do día das bibliotecas, o 24 de outubro.
- Hora de lectura diaria en Educación Primaria.
- Continuar coa catalogación e clasificación dos fondos.
- Formación dos novos membros do equipo da biblioteca en tarefas propias do mesmo.
- Controlar as necesidades de material e, no seu caso, decidir as adquisicións que se vaian realizar.
- Lectura dunha obra literaria cada dous meses no marco do Clube de Lectura *Follas Bravas* e posta en común na que os membros do club poderán expresar de forma espontánea as súas opinións sobre o texto. Tamén se buscará información referida ao autor, así como fotografías e mapas que ilustren a súa vida e os lugares relacionados con el e, de se dalo caso, tamén da obra proposta como lectura . Despois faremos pequenas reflexións sobre os elementos máis importantes que conforman unha novela. Por último, levaremos a cabo xogos de animación á lectura (preguntas de verdadeiro-falso, sopas de letras, ordenación cronolóxica de parágrafos, buscar cazapos...). Para isto utilizarase todo o material da biblioteca, incluídos os ordenadores.

- Publicación no blog e no facebook da biblioteca das nosas propostas e comentarios para que cheguen a toda a comunidade educativa.
- Prestarase unha especial atención á lectura oral de obras en galego para potenciar o uso da nosa lingua entre os membros da comunidade educativa.
- Audición de textos poéticos musicados en colaboración co departamento de música.
- Realización das nosas propostas de *booktrailer* dos libros que leamos.
- Proxección dalgunha adaptación cinematográfica das obras que vaiamos lendo, sempre que sexa posible.
- Achegamento ás obras de lectura da man dos seus autores a través da organización dalgún faladoiros e conversas no centro.
- Fomentar a expresión escrita en galego, castelán, inglés, francés e mesmo portugués a través da revista do centro Sendiñela.
- Lectura de obras en idiomas estranxeiros adaptadas ao nivel do alumnado.

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Partimos da base de que as de acordo coas repetidas valoracións feitas polo profesorado do centro noso alumnado non teñen un nivel aceptable no que se refire a comprensión lectora e produción escritora nin de hábitos lectores.

Para explicitar as necesidades de forma máis concreta e operativo é necesario realizar probas máis obxectivas posible de avaliación na práctica lecto-escritora do alumnado baseado en criterios coma os seguintes:

1- No nivel de lectura expresiva do alumnado avaliarase se son quen de ler con entoación e ritmo axeitado para a súa idade.

2- Respecto da comprensión lectora se poden facer un resumo da información máis importante do texto eliminando a información superficial.

3- Na escrita avaliarase se saben facer resumos, esquemas ou mapas conceptuais adecuados a súa idade, expoñendo de forma clara e concisa as ideas principais sen cometer erros ortográficos, gramaticais nin sintácticos.

4- Avaliarase se son capaces de elaborar escritos en diferentes estilos literarios axeitados a súa idade nos que exista unha secuenciación lóxica sen erros.

5- No campo máis extenso da comprensión lectora averiguarase se son quen de resolver actividades non relacionadas coa lectura como tal senón con outras materias onde teñan que inferir datos e prestar especial atención a un texto para acadar a resposta correcta.

6- Fixarémonos se interiorizaron o gusto pola lectura botando man dos rexistros de libros tomados prestados por cada alumno/a.

Pero o proceso non só consiste na avaliación do alumnado senón tamén nas actividades do profesorado no impulso das competencias lecto-escritoras do alumnado a través das aulas ordinarias, tutorías e do propio plan lector, o polo que tamén avaliaremos:

1- O uso que fai cada profesor dos momentos destinados ao seu grupo para a lectura e escritura, tanto na biblioteca central como nas mesmas aulas.

2- A utilización do material de apoio que hai na biblioteca para a axuda á función docente.

3- O grao de implicación do profesorado con respecto as actividades organizadas desde a biblioteca

4- As achegas de suxestións e melloras por parte de toda a comunidade escolar.